

O Galo Corre

organiza:



CONCELLO
DE
VILA DE CRUCES



V Carreira popular

Domingo 12 de xuño de 2022

Categorías dende Chupete a veteranás

Trofeos para os tres primeiros da categoría

Agasallos para todos os participantes

Inscripcións e formación en www.emesports.es

Límite de Inscripcións ata o xoves 9 de xuño.

REGULAMENTO DA V CARREIRA POPULAR “ O GALO CORRE “ DE VILA DE CRUCES

12 de Xuño 2022

- 1- O Concello de Vila de Cruces organiza a V carreira popular “ O Galo corre “ en Vila de Cruces que se celebrará o 12 de Xuño de 2022. Trátase de una proba de carreira a pé non federada que contará co apoio técnico de que levará a cabo as inscrición e a cronometraxe da carreira.
- 2- Esta carreira contará con varias categorías nas que se poden participar. No seguinte cadro describimos as categorías, distancias e horarios de cada proba.

Categoría	Ano de nacemento	Distancia	Horario
Sub - 6	Nados en 2017 e posteriores	100 m.	12:45 h
Sub - 8	Nados en 2015-2016	250 m.	12:40 h.
Sub - 10	Nados en 2013-2014	650 m.	12:30 h.
Sub - 12	Nados en 2011-2012	650 m.	12:30 h
Sub - 14	Nados en 2009-2010	1600 m.	12:10 h
Sub - 16	Nados en 2007-2008	1600 m.	12:10 h
Sub - 18	Nados en 2005-2006	10.000 m	11:00 h.
Sub - 20	Nados en 2003-2004	10.000 m.	11:00 h.
Sub - 23	Nados en 2000-2001-2002	10.000 m.	11:00 h.
Senior	Nados en 1999 ata 1988	10.000 m.	11:00 h.
Veteran A	Nados en 1987 ata 1982	10.000 m.	11:00 h.
Veteran B	Nados en 1981 ata 1973	10.000 m.	11:00 h.
Veteran C	Nados en 1972 ata 1963	10.000 m.	11:00 h.
Veteran D	Anteriores ao 1962	10.000 m.	11:00 h.

- 3- O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 10 de Xuño. Para facer a inscrición será necesario apuntarse antes desa data na páxina www.emesports.es

- 4- O prezo da carreira variará en función da categoría dos participantes sendo:

Gratuito: da categoría Sub 6 ata Sub 16 (este Incluído)

7 Euros: da categoría Sub 18 (incluída) en diante

5- O precio da inscrición inclúe:

- # Dorsal personalizado da proba
- # Seguro de accidentes deportivos
- # Servicio de ambulancias
- # Regalo de participación na carreira popular " O galo corre "
- # Avituallamento durante a carreira e o remate da mesma
- # A organización ofrecerá a posibilidade de ducharse no pavillón municipal de Vila de Cruces que está situado a 700 m. da saída **42º 47'29.5"N 8º09'56.4"W**

6- A saída e a chegada da carreira terá lugar na Praza do Concello "Juan Carlos I "

42º 47'38.0"N 8º10'11.8"W

7- A organización habilitará unas zonas onde os participantes poderán deixar as súas pertenzas durante a realización da proba así mesmo, a organización non se fará responsable de calquera problema que ocorra nos espazos habilitados

8- Todos os participantes polo feito de tomala saída, aceptan o presente regulamento e a cesión dos dereiros de imaxe(sen fins comerciais) á organización

9- O percorrido da carreira será polo casco urbano de Vila de Cruces, dito percorrido estrá cerrado ao tráfico durante o periodo da mesma, aínda así recomendamos a todos os participantes presten atención por si algún vehículo se salta calquera sinalización que estea colocada paera o corte da circulación

10- A V Carreira popular de Vila de Cruces " O galo corre" contará con servicio de ambulancia para calquera incidente que se poida producir durante a realización da proba. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes. Recomendamos a todos os participantes que se teñen alguna doenza ou limitación que poida requerís una atención especial no desenvolvemento da proba o comuniquen á organización, de non facelo as consecuencias serán sempre da súa responsabilidade

11- A todos os participantes se lle dará o dorsal personalizado correspondente á súa categoría, que deberá colocar no peito de forma visible para a súa identificación durante a proba e a chegada a línea de meta. A recollida de dorsais farase o mesmo día da proba, o 12 de Xuño, na praza do Concello "Juan Carlos I", dende 1 hora antes de cada proba. No dorsal da proba irá o chip para a cronometraxe

12- A organización colocará ao longo do percorrido puntos de control, os cales serán descalificantes para os que cometan alguna irregularidade

13- A organización colocará un punto intermedio de posto de auga na carreira absoluta, e despois na chegada haberá froita e demais alimentos e auga para todos os participantes

14- A organización conta con un seguro de responsabilidade civil e contratará outro de accidentes, pero cada participante, polo mero feito de formalizar a inscrición. Faise responsable individualmente dos danos que cause no desempeño da actividade, sempre e cando esta nonse realice nas condición establecidas ou dentro dos circuitos delimitados. A organización tampoco se responsabilizará dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse nas zonas que habilitará

15- A entrega dos trofeos faranse ao acabar todas as probas

Os trofeos non serán acumulativos

Medallas para as categorías Sub -6, Sub-8, Sub-10 e Sub-12

Trofeo para os 3 primeiros clasificados, mulleres e homes de cada categoría

16- O feito de inscribirse na carreira suporá a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento, polo que o descoñecemento das mesma non exime do seu cumprimento